



**Nº Expediente:** 2017/C005/000006

**Asunto:** Contratación de INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS

### **MESA DE CONTRATACIÓN (1)**

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN **ADMINISTRATIVA** (SOBRES A), E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES B (REFERENCIAS TÉCNICAS) DO SEGUINTE CONTRATO :

**Obra/Subministro:** INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS

**Importe de licitación:** 43.570,31 € IVE incluído (Prezo sen IVE 36.008,52 €; IVE 7.561,79 €)

### **ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

**VOGAIS:**

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

**SECRETARIA:**

Dona M<sup>a</sup> Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:45 horas do venres 17 de novembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación xeral (sobres A) presentados no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS", as seguintes empresas:

- INSTALACIONES Y COMUNICACIONES DEL EUME, S.L. (R.E. 5815 do 16.11.2017)
- SOLUCIONES INTEGRALES DE VOZ, DATOS Y SEGURIDAD, S.L. (R.E. 5846 do 17.11.2017)  
(Presenta fax anunciando o envío da documentación: R.E. 5828 do 16.11.2017)

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada por todas as empresas licitadoras é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.



Obsérvase a falta de documentación en formato dixital, en PDF ou outro formato de libre lectura, con sinatura electrónica.

A Mesa acorda:

1º.- Requirir ás dúas empresas licitadoras que presenten, no prazo máximo de 3 días, a documentación do sobre "B" en formato dixital, en PDF ou outro formato de libre lectura, con sinatura electrónica.

2º.- Á recepción da documentación requirida, solicitar un informe técnico de valoración dos criterios contidos no Prego de cláusulas, ao redactor do proxecto.

3º.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C".

4º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 14:15 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.